

Recomendación dirixida ao Concello de Noia debido a unha denuncia ambiental

Expediente: C.6.Q/16372/17

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente á inactividade do Concello de Noia ante unha denuncia medioambiental.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que dende hai preto de tres anos véñse dando unha situación anómala no alto do monte San Lois nunha das casetas repetidoras existentes e que aparentemente é propiedade de Telefónica S.A. Nesta caseta véñse observando a existencia dun xerador a gasoil ou outro tipo de combustible, que ademais da contaminación ambiental que xera tamén incide na contaminación acústica que parece superar os limiares establecidos.
2. Ante iso requirimos información ao Concello de Noia, que nola remitiu. O 15 de maio de 2017 dítase providencia solicitando á policía local as medicións acústicas necesarias. O 23 de maio de 2017 a policía achega informe de 18 de maio de 2017 coas medicións acústicas realizadas e reportaxe fotográfica. As medicións en horario diúrno deixan de manifesto que se acadan os 70 decibelios (supera o límite establecido na ordenanza, 60 decibelios). O 29 de maio de 2017 requírese á empresa responsable que nun prazo de 48 horas adopte as medidas necesarias para reducir o nivel de emisión sonora, adaptándose aos niveis autorizados no medio natural exterior.
3. Solicitamos información complementaria sobre a adopción por parte da empresa das medidas correctoras impostas. O Concello de Noia remitíunola. Comprobou a rebaixa do nivel de ruído, pero algúns niveis comprobados están por enriba do permitido. O concello ordenara á empresa que en 48 horas adoptara as medidas necesarias para reducir o nivel de emisión sonora e adaptalo ao autorizados (60 dB).
4. Polo exposto requirimos do concello que con urxencia facilitara aclaración, que remitiu. Despois de recibir o informe o reclamante acudiu á institución e manifestou que o aparello

obxecto da queixa funciona tamén de noite e que nese horario non cumpre a normativa municipal, que loxicamente é mais esixente.

5. Polo anterior requirimos do concello que con urxencia facilitara aclaración. O concello respondeu cun informe da policía local que di que dende xaneiro o sonómetro atópase co certificado de verificación periódica caducado, non sendo as medicións válidas nesas circunstancias. Está a espera de efectuar a verificación e poder dar cumprimento ao solicitado. A circunstancia posta de relevo é de responsabilidade do concello.

6. Novamente requirimos do concello que con urxencia facilitara aclaración, que xa remitiu. Nela sinálase que achega informe da policía local de 23 de maio de 2018. Este indica que “desde o 20 de xaneiro do presente ano, o sonómetro utilizado para tal actividade, marca Cesva, modelo SC-I Sc, atópase co certificado de verificación periódica caducado, non sendo as medicións nesta situación válidas, salvo outro parecer. O luns, día 21 do presente mes, pediuse información ao persoal de intervención deste Concello, en canto a si se fixera ou si estaba aprobada a proposta de gasto para levar o sonómetro a verificar, comunicando que non, ante tal feito seguimos sen poder facer as medicións oportunas de forma regulamentaria”.

ANÁLISE

1. Como puido comprobarse o ente local informa o mesmo que informara anteriormente. Pola nosa banda indicamos que a circunstancia posta de relevo era de responsabilidade do concello. Efectivamente, é ao concello ao que corresponde actuar para solucionar o problema que sinala e que impide que exerza o seu deber legal de medir a contaminación acústica producida polas actividades. Con iso tamén impide adoptar as medidas que lle corresponden como administración competente na materia.

2. O concello nin sequera sinala que vaia a adoptar algunha medida inmediata para solucionar o problema que el mesmo pon de relevo, que, como dixemos, é da súa responsabilidade.

3. A persoa que promoveu a queixa está demandando a preservación dun interese especialmente protexido na Constitución, que recoñece o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia da citada disposición constitucional os poderes públicos teñen a obriga principal de protexer o dereito mencionado, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Noia a seguinte recomendación:

Que con urxencia se adopten as medidas precisas para facer operativo o sonómetro do concello e poder realizar as medicións necesarias, entre elas a que tratamos nesta queixa, para desa forma cumprir adecuadamente as funcións municipais en materia de ruídos; e que despois de facer a medición pendente dende hai moito tempo tamén con urxencia se adopten as medidas que se deduzan.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo